

ORDENANZA FISCAL Núm.6

TAXA POR LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS DE ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL, SOMETIDAS AO DECRETO 133/2008 E AO REGULAMENTO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS 2816/1982 E AO DECRETO 292/2004, CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade eco disposto nos artigos 2,15 a 19, 20.4.i) a 27 e 58 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por licenza de apertura de establecementos sometidas o Decreto 133/2008 de 12 de xuño de Avaliación da Incidencia Ambiental, e as do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e o Decreto 292/2004, de 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. Naturaleza e feito imponible

*1. De conformidade con canto se establece polo **artigo 20.4.i) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, aprobado polo **Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo**, constitúe o feito imponible a prestación dos servizos técnicos e administrativos anteriores ao outorgamento da necesaria licenza e as realizadas para os efectos de verificar se a actividade realizada, ou que se pretende realizar, se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial reguladora deste, así como na urbanística sobre ruídos, accesibilidade, medio ambiente e no Código Técnico de Edificación, de calquera actividade económica; agropecuaria, industrial, comercial, provisional, de servizos, etc., así como ás súas modificacións, co obxecto de procurar que estes teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas e calqueroutras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso, de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo **artigo 84 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local**.*

2. Estarán suxeitos a esta taxa todas as actividades cuxa apertura se regula na Ordenanza da apertura de actividades económicas sometidas á Avaliación da Incidencia Ambiental e ás do Regulamento de Espectáculos Públicos 2816/1982 e ó Decreto 292/2004 Catálogo de Espectáculos Públicos, nas que resulte obrigatoria a prestación dos servizos técnicos e administrativos anteriores ó outorgamento da licenza, nos termos establecidos no parágrafo anterior e, entre outras, as seguintes:

- a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos.
- b) Ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura, sempre que non implique unha modificación substancial da actividade.
- c) Ampliación da actividade en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación substancial desta.
- d) Ampliación da actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación substancial.
- e) Reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso nin ampliación superficial nin da actividade.
- f) A reapertura do establecemento ou local, por reiniciar a actividade o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non tivera caducado.
- g) A posta en coñecemento da Administración de calquera modificación dunha actividade.

- h) Cambio de titular nas actividades, por persoa distinta, para seguir exercéndoas nun establecemento, sempre que tanto a propia actividade, coma o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións, non sufriran modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal, se a licenza non tivera caducado.

3. Os efectos desta taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou o aire libre, estea ou non aberto o público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ó exercicio de actividades económicas por conta propia.

4. Os efectos desta taxa enténdese que a licenza está caducada se o establecemento permanece pechado durante máis dun ano, o que se acreditará cun informe da Policía Local.

5. Non estarán suxeitas á taxa regulada na presente ordenanza as licencias de apertura que se soliciten durante os anos 2020 e 2021.

Artigo 2. Exencións

Non se prevén máis exencións cas previstas nas leis ou tratados internacionais.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou xa se estea desenvolvendo en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar para esta.

Artigo 4. Tarifa

4.1. Tarifa básica para nova implantación con superficie de ata 100 metros cadrados: **300,00 €.**

4.2. Coeficientes de incremento pola superficie do local:

Aquelas actividades que se desenvolvan nun establecemento permanente tributarán pola tarifa básica incrementada pola aplicación dos seguintes coeficientes:

SUPERFICIE DO LOCAL	COEFICIENTE DE INCREMENTO
Menor de 100 m ²	Tarifa básica
Entre 100 e 200 m ²	1,5
Entre 200 e 500 m ²	2
Entre 500 e 1000 m ²	2,5
Maior de 1000 m ²	3

4.3. Incremento en relación ó tipo de control esixido coa repercusión dos custos no solicitante:

- a) Control sobre ruídos e vibracións: Custo para o Concello.
- b) Control sobre vertidos á rede municipal ou á fosa séptica particular: Custo para o Concello.

- c) Calquera outro control que sexa esixible conforme á normativa aplicable: Custo para o Concello.

4.4. Modificacións de licenzas

Os establecementos e actividades xa legalizadas e as instalacións propias destes que sufran modificacións substanciais, que alteran e modifican a licenza anterior, aboarán unha cota equivalente ós supostos de nova implantación. No caso de que a ampliación da superficie non afecte ás instalacións autorizadas, tomarase como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.

Os establecementos e actividades xa legalizadas e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións non substanciais, e polo tanto, que non alteran ou modifican con carácter substancial a licenza anterior, aboarán unha cota do 50 por cento que lle corresponderá como nova implantación.

4.5. Outros supostos

A expedición de informe, en contestación á consulta previa para o exercicio de actividades sometidas á Avaliación de Incidencia Ambiental e as do Regulamento de Espectáculos Públicos, devengarán unha taxa de **30,00 €**.

Artigo 5. Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade no momento de emisión da acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial.
2. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún modo pola clausura da actividade ou suspensión temporal desta.

Artigo 6. Xestión

Unha vez tramitado o expediente outorgarase a licenza e xirarase a oportuna liquidación, que será notificada ó suxeito pasivo, debendo ser aboada, en período voluntario, nos seguintes prazos:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si este non fora hábil, o seguinte día.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato día hábil seguinte.
- c) A validez da citada licenza supeditarase ó pago efectivo da taxa.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día **25/05/2020**, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.